

1.- TERRITORIO DE ACTUACIÓN.

1.1.- A COMARCA DE BERGANTIÑOS COMO TERRITORIO HOMOXÉNEO

Hai que ter en conta que Bergantiños historicamente foi considerada como unha das máis claras comarcas naturais de Galicia. Actualmente tamén se caracteriza por manter unha forte vinculación económica coa Coruña e polo destacado papel de Carballo como núcleo industrial e terciario, sede dun gran número de servizos relacionados coa Administración (Delegación de Facenda, Oficina de Emprego, sede de Partido Xudicial, Conservatorio Profesional de Música de Grao Medio, Escola Oficial de Idiomas, etc.).

a) Marco natural

É esta unha das comarcas máis claramente definidas e de maior personalidade de Galicia. A súa delimitación coincide practicamente coas terras que forman parte da conca do río Anllóns, que a partir do seu nacemento atravesaba os concellos da Laracha, Carballo, Coristanco e desembocaba na ría de Corme e Laxe, despois de atravesar e delimitar os termos de Ponteceso e Cabana de Bergantiños.

b) Organización histórico-institucional

Nos diversos proxectos existentes en relación á organización do territorio galego en partidos xudiciais, sempre figurou o correspondente ao territorio que hoxe é a comarca de Bergantiños, e os únicos cambios que se deron foron os relativos á denominación e capitalidade, xa que na primeira proposta pretendíase que o seu nome fora o de Sísamo. No ano 1991 constituíuse a Mancomunidade de Bergantiños, á que pertencían todos os concellos desta comarca. Actualmente está sen actividade.

No ano 1994 a Xunta de Galicia constituíu a Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños, dentro do Plan de Desenvolvemento Comarcal, única institución que aglutina aos concellos da Comarca xunto coa Deputación, a Xunta de Galicia e unha organización empresarial que se incorporou máis tarde.

No ano 2001 creouse a Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños para concorrer á iniciativa comunitaria Leader + e aos programas galegos de Desenvolvemento Rural.

c) Organización funcional

O núcleo de Carballo, a pesar da súa recente formación, está consolidado como un importante centro que, desde o punto de vista económico e funcional, organiza a totalidade do territorio que forma a comarca, aínda que debido á importancia do desenvolvemento económico nesta zona, formáronse outros subcentros: Malpica, Ponteceso, Laxe, A Laracha, Paiosaco e San Roque.

Debido á proximidade da comarca á área metropolitana da Coruña, as relacións secundarias diríxense cara a esa comarca metropolitana, chegando os efectos expansivos da capital provincial á comarca de Bergantiños, aínda que sen alterar a unidade comarcal deste espazo nin o seu carácter rural.

*ANÁLISE MUNICIPAL DAS RELACIÓNS INTERNAS*Cabana de Bergantiños

Pertenceu, antigamente, a dous diferentes partidos xudiciais, o de Sisamo (Carballo) e o de Vimianzo, pasando posteriormente a depender do de Carballo, polo seu nivel dotacional e a importancia da súa área de mercado e o centro co que ten as vinculacións máis importantes. Tamén existen lazos comerciais con A Coruña.

Carballo

Principal centro funcional e de servizos da comarca dende o século XIX. Na actualidade posúe un nivel de servizos tal que organiza un territorio maior que a propia comarca. Nun plano superior, Carballo ten vinculacións socioeconómicas e laborais coa Coruña, axudado pola facilidade das comunicacións.

Coristanco

Membro do partido xudicial de Carballo, Coristanco está totalmente integrado na comarca.

A Laracha

Inscrito no partido xudicial de Carballo, tivo xulgado propio. Actualmente está adscrito aos servizos administrativos situados en Carballo. No relativo ao área de mercado, a vinculación é tamén con Carballo, aínda que a parte oriental do municipio, por razóns de proximidade e accesibilidade, se vincula ao área da Coruña.

Laxe

Dende 1834 está englobado no partido xudicial de Carballo, onde continúa na actualidade. Laxe está integrado no área comercial e de servizos de Carballo, e tamén presenta vinculacións con Ponteceso. Todos os servizos administrativos están en Carballo, e o distrito educativo en Ponteceso.

Malpica de Bergantiños

Este concello estaba formado polas antigas xurisdicións de Leiloio, Malpica e Mens. É un territorio vinculado á comarca e a Carballo por todos os conceptos. Ademais, posúe un área de mercado local que organiza o seu propio concello. Malpica de Bergantiños forma parte i é a sede da Fundación e da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños.

Ponteceso

Como todos os demais municipios, Ponteceso depende de Carballo, centro que conta con importantes servizos administrativos de carácter comarcal e o centro da área de mercado. Por outra parte, pode ser considerado como un subcentro, xa que Ponteceso organiza unha subárea para algúns servizos administrativos.


Finalmente e para concretar, a Comarca de Bergantiños está formada por sete municipios e engloba a 70.213 habitantes, asentados nunha superficie de 744,2 km² e ten unha densidade media de 94,3 hab/km². O territorio de actuación corresponde co definido por AGADER no mapa territorial proposto para o GDR 27 (Bergantiños). Ademais o ámbito de actuación está integramente recollido no Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010 que se tomou como referencia para a confección do mapa de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galiza.

Densidade de poboación

	<i>Poboación 2006</i>	<i>Superficie (km²)</i>	<i>Densidade</i>
<i>Cabana de Berg.</i>	5.199	100,3	51,8
<i>Carballo</i>	29.985	186,8	160,5
<i>Coristanco</i>	7.582	141,1	53,7
<i>A Laracha</i>	10.803	125,8	85,9
<i>Laxe</i>	3.489	36,9	94,6
<i>Malpica</i>	6.567	61,4	107,0
<i>Ponteceso</i>	6.588	91,9	71,7
<i>Bergantiños</i>	70.213	744,2	94,3
<i>A Coruña</i>	1.129.141	7.930,9	142,4
<i>Galicia</i>	2.767.524	29.476,7	93,9

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2006)

A continuación refléctese gráficamente a situación da comarca e o mapa de detalle cos principais núcleos de poboación e de infraestruturas de transporte.



SITGA: MAPA DE SITUACIÓN



SITGA: MAPA DE DETALLE E INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE